



OS NIVEIS “PRERROMANOS” DO CASTRO DE VILADONGA. UNHA APROXIMACIÓN AO SEU ESTUDO.

Álvaro Pérez-Rozas
Diego Torres Iglesias

Introdución.

Despois de cincuenta anos de escavacións arqueolóxicas no castro de Viladonga, este recinto fortificado consolidouse como un referente para o estudo da cultura castrexa e galaico-romana. A maioría dos estudos publicados inciden na importancia da ocupación nun período en concreto, entre os séculos II e V d.C. e, ata non hai moito, os restos da ocupación prerromana considerábanse algo residual e moi localizado no sector NE da croa. Só a partir das últimas escavacións na zona do alxibe, xunto coa cultura material e datacións asociadas comezouse a falar da importancia desas primeiras ocupacións, que parecen remontarse ata o século III ou IV a. C. ou incluso ser anteriores.

Con estes relevantes datos na man, propuxémonos facer unha revisión da documentación, fotografías e materiais dos inicios das escavacións que nos puideran fornecer máis información sobre estes primeiros niveis de ocupación do castro.

Metodoloxía.

No apartado metodolóxico, a nosa investigación parte da revisión exhaustiva das memorias de escavación e do fondo documental e fotográfico, o que nos permitiu paliar, nalgunha medida, a ausencia de estratigrafía durante gran parte das escavacións realizadas no século XX.

Abordamos, tamén, o conxunto dos materiais recuperados no castro, prestando atención ás cerámicas feitas á man, á industria lítica e bronzes. Tamén nos valemos dos diferentes traballos de investigación realizados por numerosos autores que nos últimos anos abordaron, con maior ou menor profundidade, o estudo dos fondos do castro Viladonga e que nalgún caso xa puntualizaran a posible orixe “prerromana”¹ de moitos destes materiais.

Para complementar o estudo contamos tamén con novas datacións e calibracións radiocarbónicas, o que nos permitirá asociar algúns destes materiais e construcións a un espazo cronolóxico máis concreto.

Distribución.

Sen dúbida, como xa se puxo de manifesto a través de anteriores traballos de investigación e memorias de escavación (Arias e Fábregas, 2003; Álvarez *et al*, 2019 e 2017) o sector NE da croa converteuse nun punto chave para esclarecer estas primeiras ocupacións do cumio que hoxe ocupa o castro. Con todo, a distribución dos achados, como veremos máis adiante, vai moito máis alá deste pequeno reduto onde, posiblemente, a súa concentración estea tamén relacionada cunha maior potencia estratigráfica ou

¹ Usamos o termo “prerromano” para referirnos á época previa ao establecemento, máis ou menos continuo, do poder romano nesta zona do NO peninsular, o que podería terse producido nos momentos previos á fundación da súa cidade máis importante na zona, a antiga Lucus Augusti.

co propio método de escavación utilizado en cada momento. Neste senso cabe reflexionar sobre os diferentes criterios de intervención nunha ou noutra parte do castro, cando unhas veces se escava por completo unha zona, ata chegar á rocha nai e, polo tanto, recuperando todas as evidencias e, noutros casos, xa fose pola importancia dos achados -e a súa necesidade de conservación-, ou outro tipo de criterios, estes niveis inferiores non chegan a alcanzarse, polo que é probable que non teñamos acceso a esa posible fonte de información².

Os restos máis significativos destas primeiras ocupacións quizais sexan os correspondentes aos alicerces das propias cabanas circulares. Documentados inicialmente neste sector NE, o certo é que analizando a documentación das primeiras escavacións -anos 70 e 80- se pode rastrexar a existencia deste tipo de estruturas noutras zonas do castro (recadro I-23). Posiblemente debido á metodoloxía de escavación utilizada neses momentos, o método Wheeler, non fose posible identificalas como tal daquela, sendo incluso comprensible que se confundisen con canalizacións, aínda que se podía comprobar que estas non se dirixían a ningún lado ou que, pola súa propia construción fose difícil que chegaran a canalizar nada. Nalgún caso estas supostas “canalizacións” -como poden verse na documentación gráfica das escavacións- aparecen, claramente, debaixo doutros niveis de ocupación, amortizadas por estes e incluso asociadas a materiais que, pola súa factura, dificilmente se poden asociar ó período galaico-romano. A súa forma semicircular -no caso de non atoparse completas-, a técnica construtiva ou o feito de atoparse asociadas a grandes cantidades de pallabarro tamén nos serven para identificar os restos destas cabanas. Noutros casos esta asimilación que facemos dalgúns das “canalizacións” poderían presentar máis dúbidas pola técnica construtiva utilizada, xa que están escavadas na propia rocha nai como é o caso do canal, aínda hoxe visible, localizado na zona central da croa (Fig.3).

² A esta problemática aínda temos que engadir, como xa indicaban Llana e Varela (2001) outros inconvenientes como a sinxeleza dos informes, a parcial relación dos materiais ou os sucesivos movementos dos materiais ata o seu definitivo depósito no Museo do Castro de Viladonga.



Fig. 1 Restos de cabana circular na zona sur da croa. Foto: Felipe Arias.

Nalgúns ocasións, téñense documentado restos de cerámica feita á man entre os restos de pallabarro e as cimentacións destas cabanas como ocorreu no sector I-23, na zona sur da croa (Fig.2).



Fig. 2 Restos de cerámica feita á man asociados a fondos de cabanas e pallabarro en I-23. Foto: Felipe Arias.



Fig. 3 Canal escavado na rocha nai so sector central da croa. Foto: Álvaro Pérez

Como vimos dicindo, os restos no sector NE son especialmente evidentes, coa presenza de alicerces de pedras fincadas pertencentes a cabanas circulares realizadas en materiais perecedoiros. Outra estrutura que nos remite a ese momento é o propio alxibe, anterior á construción da muralla principal e no que se recuperaron numerosos restos materiais e orgánicos desas primeiras ocupacións (Álvarez González, López Marcos e López González.; 2020)³.

Outro tipo de construcións que puidemos identificar como pertencentes a este período “prerromano” son os restos de *horrea* localizados no antecastro oeste (Fig.4). Aínda que inicialmente non foron identificados como tal (Arias e Ramil, 2003; Arias, 2005), hoxe podemos falar con claridade dunha ampla zona de almacenamento composta por, cando menos, tres *horrea* ou estruturas dedicadas á almacenaxe de cereais. Estas foron construídas con alicerces de cuarzo e muros de lousa sobre os que se elevaría unha estrutura de madeira, a cal sostería as paredes de madeira trezada e pallabarro.

³ Esta zona foi, recentemente, froito de novas escavacións por parte da empresa Terra Arqueos, polo que son varias as memorias e artigos nos que se mostra o achado destes materiais relacionados ca fase I de ocupación do castro e remitímonos a elas para unha mellor comprensión destes espazos.

A asignación cronocultural deste tipo de estruturas vén dada polas datacións realizadas a varios restos orgánicos extraídos de entre os niveis de pallabarro e detallarémola no apartado correspondente.



Fig. 4 Horrea no antecastro oeste. Foto: Felipe Arias.

Materiais de probable orixe “prerromana”.

Cerámica

Outro dos aspectos clave a ter en conta é o dos materiais cerámicos. Xa nas campañas realizadas nos anos 80 se puido constatar a presenza de cerámica castrexa, que se asociou a un primeiro momento de ocupación. Segundo a documentación escrita e as fotografías, esta aparece asociada ao que poderían ser pisos de barro, pero non se identifican estruturas. Estas xa foron obxecto de estudo previamente, aínda que centrado nas decoracións xa que non se dispoñía de rexistro estratigráfico. Porén, permite establecer paralelos con outros castros representativos da II Idade do Ferro como son os de Baroña, Borneiro, a Forca, Fozara, a Lanzada, Recarea e Troña (Dorrego e Rubiero 1998). Ademais disto, nas últimas campañas de escavación documentáronse varios fondos de cabanas realizadas en materiais perecedoiros e que contiñan material cerámico, e que presentan características en común coa exhumada no cuadrante NE da croa nos anos 80.

A complexidade dos procesos de produción cerámica, unida á cantidade de fragmentos recuperados das escavacións, faría necesario un estudo pormenorizado centrado unicamente neste tipo de cultura material, tarefa que excede os obxectivos aquí formulados. Por iso, só detallaremos os aspectos máis básicos e que poden servir de guía para a identificación daqueles fragmentos carentes de decoración con probabilidade de pertencer a esta fase prerromana.

Volvendo cos materiais asociados ás cabanas de pallabarro, a cerámica documentada no seu interior caracterízase por estar realizada con arxila de procedencia local, pouco depurada e modelada á man, apreciándose nalgúns casos deformacións que puideron darse durante a manipulación coa pasta aínda fresca. As pastas son de tacto areoso e con abundante desgraxante, destacando sobre todo o cuarzo, de tamaño variable. Estas acostuman recibir un acabado alisado e, a maiores, destaca o uso do envasoirado, técnica que permite unir mellor os rolos de arxila ademais de facilitar a suxeición das pezas. Estas son sometidas a cocción cunha atmosfera principalmente reductora, o que provoca que a pasta unha vez cocida presente tonalidades entre o vermello, pardo escuro e negro, mentres que as superficies oscilarán entre os tons pardos e escuros.



Fig. 5 Cerámica feita á man recuperada no sector I-23. Foto: Marta Cancio.

Líticos

O número de machados e aixolas líticas non é moi elevado pero si relevante. Contamos, ata o de agora, con 19 machados e 5 aixolas. De entre todos eles, destacan catro exemplares de anfíbolita, se ben só un deles ten o gume gastado polo uso. O resto de exemplares, presenta niveis de uso distintos, con sinais apreciables no gume e, nalgún caso, roturas de formas lonxitudinais.



Fig. 6 Industria lítica pulimentada de Viladonga. Foto: Museo do Castro de Viladonga.

Estes mesmos tipos de ferramentas, machados e aixolas, aparecen tamén feitos en ferro (3 aixolas de ferro⁴ e 7 machados). Trátase, polo tanto, dun número moito máis reducido, o que pode ser debido, quizais, á maior efectividade e duración dos exemplares metálicos ou incluso a unha maior especialización no traballo. Podería pensarse no uso conxunto de ambos os tipos, líticos e metálicos, pero non parece probable debido ao gran avance tecnolóxico que supuxo o

⁴ Neste punto, quizais, deberíamos incluír as 11 trenchas localizadas ata o momento, xa que se trataría dunha ferramenta máis específica para o mesmo uso que farían as aixolas líticas que, ó fin e o cabo, tamén se utilizarían para desbastar a madeira.

uso do ferro para o desenvolvemento deste tipo de traballos. En canto ó contexto estratigráfico, a gran maioría destes materiais proceden das escavacións dos anos 70, polo que non dispoñemos de datos fidedignos.

Outro tipo de material lítico, referímonos aos muíños naviculares ou planos, poderían pertencer a esas primeiras ocupacións, pero sería moi difícil discriminar esa posible orixe do seu uso en época galaico-romana. Ademais, cómpre ter en conta que a presenza de muíños rotatorios non ten porque ser unha evidencia de romanización, xa que existen casos documentados de introdución destes muíños durante a II Idade de Ferro en castros tanto da costa atlántica como na comarca do Eo-Navia. Por outro lado, aínda que o uso de muíños circulares é xeneralizado no castro, a utilización dos muíños de “tradicón neolítica” -xa sexan naviculares ou planos- ben puidera estar ligado a outro tipo de aproveitamento que non fora o de moer cereais polo que non debería descartarse o uso simultáneo de ámbalas dúas tipoloxías (Teira e Amado 2014).

O certo é que salvo algunhas excepcións, como no caso das fusaiolas (Pérez, 2017), as pesas de tear ou de pesca e os alisadores e afiadoiras, son poucos os elementos da industria lítica recollidos no castro sobre os que se fixeron estudos que foran máis alá dunha primeira descrición visual, imprescindible para a súa catalogación e cremos que é posible que gran parte dela non fora nin recollida nas primeiras campañas de escavación polo que o número de compoñentes desta industria lítica puido ser lixeiramente maior. En todo caso, nalgúns ocasións danse achados casuais dentro do propio castro, como é o caso deste perforador lítico (Fig.7) que claramente nos remite a un momento inicial da súa ocupación, afastado da época galaico-romana.



Fig. 7 Perforador lítico. Foto: Marta Cancio.

Estelas con cazoletas

O achado nos últimos anos de varias estelas con cazoletas tamén vén a poñer en primeira liña a posible existencia dalgún tipo ou forma de culto do que estes obxectos líticos formarían parte. Sería a partir do achado das estelas de Orizón e Sabarei de Abaixo (Hervés, 2019) cando dende o museo se comezou a revisar a existencia deste tipo de representacións entre os fondos do castro. Algunhas veces catalogadas como quicieiras ou, simplemente, “lousa con buratos” as estelas pasaron case inadvertidas entre os máis de 100.000 fondos que hoxe compoñen o conxunto recuperado no castro de Viladonga.

Neste momento son, cando menos cinco as estelas que se poden identificar como tal, sen case que ningún xénero de dúbidas⁵. A característica común de todas é a forma máis ou menos pentagonal e a distribución das cazoletas, todas dispostas nunha cara da estela. Cazoletas que ademais só presentan marcas de picado, pero non da fricción que provocaría a rotación dun eixo.

⁵ Con isto non dicimos que non puideran ter, no arredor de 800 anos de ocupación do castro, diferente significado ou uso para os seus habitantes, de feito, un dos exemplares parece ter sido utilizado como elemento de construción dun muro nunha das vivendas da parte oeste do castro.

Dúas delas (VD.1970/49161 e VD.2017/00557), as máis grandes, presentan un tamaño similar, 35 cm de alto e 15 e 20 cm de ancho, e 3 e 8 cazoletas, respectivamente. Pola contra, o exemplar VD.21/05 presenta a particularidade de ser a máis pequena, recuperada durante os traballos de limpeza deste mesmo ano, ó pé dun dos muros dunha das vivendas amortizadas pola construción da calzada, presenta un tamaño moito menor 10x6 cm e só 165 gr, polo que mostra unha clara diminución do tamaño. Esta forma pentagonal, interpretada, ás veces, como unha maneira esquemática de representación antropomórfica aparece dunha forma máis evidente no exemplar siglado como VD.1970/49160, no que incluso pode intuírse a separación entre cabeza e tronco e unha das extremidades superiores.

Unha diferenza importante entre os distintos exemplares localizados na provincia de Lugo é o cambio de contexto entre as estelas de Orizón e Sabarei -relacionadas con necrópoles megalíticas- e as aparecidas en Viladonga, nun contexto doméstico da Idade do Ferro. Este feito lévanos a pensar na posibilidade dun cambio ou evolución no seu significado cultural, e presentamos como hipótese unha probable translación dende a orixe do culto, asociada ao coidado da necrópole, ata un contexto doméstico na que o seu significado -que dende logo se nos escapa- poida estar máis relacionado co coidado ou protección do fogar e as súas xentes.



Fig. 8 Estelas con cazoletas procedentes do castro. Foto: Marta Cancio.

Obxectos metálicos.

Son tamén numerosos os obxectos metálicos, principalmente de bronce, que nos remiten a tempos prerromanos no castro de Viladonga. Son especialmente destacables os achados realizados durante as primeiras escavacións dos anos 70, coma o puñal (Fig.9) ou a espada de bronce con empuñadura de antenas, aos que hai que engadir outros fragmentos de empuñaduras, tamén de antenas, que mostran algunhas características -como as propias antenas sumamente desenroladas- que deberían facilitar o seu marco cronolóxico, cando menos, no século III. a. C.



Fig 9. Puñal de antenas. Foto: Marta Cancio.

Cabe destacar o machado de bronce de talón e catro anelas (Fig.10) recuperado nas escavacións do ano 1973 (1970/00601) e que, probablemente, deberíamos enmarcar -a pesar da súa singularidade- entre a panoplia propia dos finais da Idade de Bronce ou a Primeira Idade do Ferro.



Fig. 10 Machado de bronce de catro anelas. Foto: Marta Cancio.

Incluso existen evidencias de que o número de machados recuperados en Viladonga puido ser maior, a xulgar polo comentario recollido por Amor Meilán na "Geografía del Reino de Galicia" (p.226) que indica que foron achados "celts" de bronce na primeira metade do s. XIX e que poderían corresponderse cos machados que aparecen no arquivo de Chamoso Lamas da Real Academia Galega de Belas Artes (Fig. 11).



Fig. 11 Machados de bronce incluídos entre os materiais de Viladonga fotografados por Chamoso Lamas e hoxe desaparecidos. Foto cedida pola RAGBA.

O número de fíbulas ou fragmentos de fíbula recuperados ó longo dos 50 anos de escavacións en Viladonga é significativo, situándose entornó dos 70 exemplares neste momento. Deles, un total de 9 están clasificados como de tipo transmontano e 19 do tipo longo traveseiro sen espira. A pesar de que estes tipos desfrutaron dun longo período de uso e algúns remanecían aínda no cambio de era, no caso dos de tipo transmontano o usual é situalos cronoloxicamente a partir de La Tene I e ata o s. I a. C. (Ávila de Melo *et al.*). Polo tanto, as propias fíbulas coma o resto dos materiais asociados a eses contextos nos que aparecen deberían enmarcarse, con poucas dúbidas, nestas primeiras fases de ocupación do castro.



Fig. 12. Exemplos de fíbula transmontana (VD.70/146) e de longo traveseiro (VD.19.1.E89.2C.11). Foto: Marta Cancio.

Na primeira Idade do Ferro poderían encadrarse tamén os dous torques de ouro ou a arracada, similar ás do castro de Recouso (Oroso, A Coruña), que non nos vamos parar a describir por ser sobradamente recoñecidos e estudados.

Para finalizar este apartado, e a pesar de que son materiais que se atopan aínda en estudo, non podemos deixar de facer referencia aos materiais atopados nas últimas escavacións levadas a cabo na zona do alxibe, entre os que destacamos o machadiño votivo recuperado nos niveis de sedimentación do pozo ou un novo exemplar de fíbula de longo traveseiro sen espira (VD.19.1.E89.2C.11) que encaixaría dentro do tipo LTC-5 de López García (2008) ao que este autor se lle outorga cronoloxías que van dende finais do II a.C. ata finais do I. a. C.

Datacións.

Dispoñemos para o castro de Viladonga dunha serie de datacións radiocarbónicas que nos permiten situar cronoloxicamente varios elementos da croa, do posible torre do sistema defensivo e do antecastro oeste. Varias delas sitúan a orixe do primeiro poboamento, cando menos, entre os séculos V e III a.C, sobre todo na zona próxima ao alxibe (Álvarez *et al.*, 2020).

No exterior da croa dispoñemos das datacións realizadas na zona do torreón (Arias e Fábregas, 2003), concretamente datáronse restos de madeira carbonizada e ósos. Os resultados extraídos, aínda que máis recentes, presentan tamén unha alta probabilidade para o espectro cronolóxico situado antes do cambio de era.

Como sinalamos anteriormente, na zona do antecastro oeste –escavada nos anos 1996 e 2003– atópanse unha serie de construcións entre as que destacan, cando menos, os restos de tres *horrea*. Desta zona do antecastro onde se localizan os *horrea* (12D/3) (Fig.13a), baixo varios centímetros de pallabarro e restos de madeira queimada (Capa2), puideron recuperarse varias ramas de madeira de salgueiro (*Salix*) carbonizadas (Fig.13.b) usadas para confeccionar o trenzado da súa estrutura. O feito de que se trate de pequenas ramas, con apenas uns anos de crecemento, fai que sexan idóneas para a súa datación, xa que así evitamos as distorsións que se poderían producir pola amplitude temporal propia de árbores cun maior crecemento.



Fig. 13 Imaxe dos restos de pallabarro, coiros e muro de pedra que conformaban o horreum do que se recuperou a madeira analizada e foto detalle da mesma. Fotos: Felipe Arias e Marta Cancio.

Estes achados posibilitaron a datación deste *horreum*, cun 89,3 % de probabilidade a partir do primeiro cuarto do século II e o último terzo do I a.C. (175 a.C.-26 a.C). Con estes datos na man podemos supoñer a construción desta zona de almacenamento nun momento moi anterior á fundación da principal cidade romana no NO peninsular, a veciña Lucus Augusti e, polos datos dos que ata o de agora dispoñemos, anterior a calquera establecemento permanente de orixe romana na zona.

A continuación expoñemos os resultados das datacións e a calibración realizada polo laboratorio.

Calibración de la Edad Radiocarbónica a Años Calendáricos

(Método del rango de densidad de alta probabilidad (HPD): INTCAL20)

(Variables: $d13C = -24.4$ o/oo)

Número de laboratorio **Beta-590748**


Edad radiocarbónica convencional **2080 ± 30 BP**

95.4% de probabilidad

(89.3%) 175 - 26 Cal BC (2124 - 1975 Cal BP)
(6.1%) 19 Cal BC - 8 Cal AD (1968 - 1942 Cal BP)

68.2% de probabilidad

(57.4%) 119 - 46 Cal BC (2068 - 1995 Cal BP)
(10.8%) 150 - 133 Cal BC (2099 - 2082 Cal BP)



Base de datos utilizada
INTCAL20

Referencias

Método de probabilidad

Storck Ramsey, C. (2009) Bayesian analysis of radiocarbon dates. Radiocarbon, 51(1), 337-360.

Base de datos INTCAL20

Reimer, et al., 2020, Radiocarbon 62(4):725-757.

Conclusións

O castro de Viladonga consolídase, co paso do tempo, como un referente para o estudo da cultura castrexa e galaico-romana. Os seus case mil anos de ocupación (s. V a.C- V d.C) mostran a evolución dun poboamento da Idade de Ferro e a súa integración no mundo romano. Nos últimos anos, as escavacións realizadas puxeron de manifesto a importancia desas primeiras ocupacións, que, como vimos explicando neste artigo, esténdense máis aló do NO da croa no que se viñan enmarcando.

A considerable cantidade de materiais aos que podemos atribuír unha orixe anterior ao cambio de era, os restos de cabanas e outras construcións, e un número importante de datacións non fan máis que mostrar un poboamento amplo no espazo e no tempo. En numerosas ocasións estes achados aparecen nos alicerces ou baixo as construcións encadradas na principal época de ocupación do xacemento (s. II-V d.C) polo que algunhas veces foron interpretadas, creemos que erroneamente, como acubillos, pero o certo é que a explicación máis sinxela é que simplemente se traten de cultura material de niveis de ocupación anteriores amortizados por estas novas construcións.

As novas datacións que aportamos neste artigo permitíronos tamén coñecer a cronoloxía dos *horrea* localizados no antecastro oeste, situando a súa orixe, cun alto rango de probabilidade, no século II a.C. Este novo dato permítenos tamén remarcar a importancia deste poboamento “prerromano” a partir da considerable extensión que pode acadar o espazo de almacenamento identificado.

Aínda faltan por escavar unha parte importante da croa e a maior parte dos antecastros, os cales, supoñemos, resultarán clave para o estudo do poboamento inicial deste amplo outeiro.

BIBLIOGRAFÍA:

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; LÓPEZ MARCOS, M.A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. (2020): "Primeiras valoracións dos resultados da escavación e restauración no Castro de Viladonga do ano 2019", *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 30, pp.10-19.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L.F. (2018): "Campaña de intervención no Castro de Viladonga (2017)", *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº28, pp. 14-27.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; OREJAS SACO DEL VALLE, A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L.F. (2020): "El almacenamiento de productos agrarios en O Castelo de Laias (Cenlle, Ourense): Estrategias de conservación y consumo", *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología*, nº 86, pp. 115-142.

ARIAS VILAS, F.:

(1984): "La cultura castrexa en Galicia", *Memorias de historia antigua*, nº6, (Ejemplar dedicado a: Población y poblamiento en el norte de la Península Ibérica), Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, pp. 15-34.

(1987): "Castros lucenses de época romana", *Memorias de historia antigua*, nº 8, Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones. pp. 7-16.

(2003): "Informe preliminar dos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga en 2003", *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº13, pp. 21-38.

(2005): "Escavación, limpeza e consolidación no Castro de Viladonga: campaña 2003", *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, nº13, pp. 125-142.

(2011): "A cultura castrexa na provincia de Lugo: aspectos diferenciais", en DOPICO CAÍNZOS, M.D.; VILLANUEVA ACUÑA, M. (eds), *A prehistoria de Lugo á luz das descubertas recentes: actas do curso*, 24 e 25 de abril de 2009, pp. 103-118.

ARIAS VILAS, F.; FÁBREGAS VALCARCE, R. (2003): "Datacións radiocarbónicas no Castro de Viladonga (Lugo)", *Gallaecia*, nº 22, pp. 193-210.

ÁVILA DE MELO, A.; FIGUEIREDO, E.; ARAUJO, M. F.; SENNA-MARTINEZ, J.C. (2009): «Fibulae from an Iron Age Site in Portugal», *Materials and Manufacturing Processes*, 24, pp. 955-959.

BARBAZÁN, S.; RAMIL, E. y LOZANO, H. (2018): "La evolución cronológica del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) a través del estudio de su cerámica común romana". *BSAA arqueología*, LXXXIV, pp. 168-214.

CHAMOSO LAMAS, M.:

(1974): *Avance informativo sobre las excavaciones arqueológicas realizadas en el Castro de Viladonga (Lugo) durante las campañas de 1971, 1972, 1973*. (Inédito).

(1977): "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, pp. 41-46.

COBAS FERNÁNDEZ, M.I.; PRIETO MARTÍNEZ M.P. (1997): Criterios y Convenciones para la Gestión y el tratamiento de la Cultura Material Mueble, **CAPA 7**. Criterios y convenciones en Arqueología del Paisaje. Universidade de Santiago de Compostela.

DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A.M. (1998): "Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga", *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº 8, pp. 21-27.

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, D. et al. (2018): "El Castru (Vigaña, Balmonte de Miranda, Asturias): un pequeño poblado fortificado de las montañas occidentales cantábricas durante la Edad del Hierro", *Munibe, Antropología-Arqueología*, nº 69, pp. 211-237.

GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006): "Galaicos. Poder y comunidad en el noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C – 50 d.C)", *Brigantium*, volume 18.

HERVÉS RAIGOSO, F. (2019): “Estelas antropomorfas de Lugo”, *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 29, pp. 50-71.

JORDÁ, J.F.; REY, J. ; PICÓN, I.; ABAD, E.; MARÍN, C.: (2009), “Radiocarbon and Chronology of the Iron Age Hillforts of Northwestern Iberia”, in R. Karl-J. Leskovar (eds.), *Interpretierte Eisenzeiten. Fallstudien, Methoden, Theorie. Tagungsbeiträge. der 3 Linzer Gespräche zur interpretativen Eisenzeitarchäologie. Studien zur Kulturgeschichte von Oberösterreich*, 22, Linz, pp. 81-98.

JORDÁ, J.F.; MESTRES TORRES, J.S.; GARCÍA MARTÍNEZ, M. (2002): “Arqueología castreña y método científico: nuevas dataciones radiocarbónicas del Castro de San Chuis (Allande, Asturias), *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº12, pp.17-36.

LÓPEZ GONZÁLEZ, L.F.; LÓPEZ MARCOS, M.A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, P.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y. (2017): “ Campaña de intervención no Castro de Viladonga (2016)”, *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 27, pp. 16-31.

LÓPEZ MARCOS, M.A.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L.F. (2019): “Campaña de escavación e restauración no Castro de Viladonga do ano 2018”, *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº29, pp. 8-25.

LLANA RODRIGUEZ, C.; VARELA ARIAS, E.:

(1999): “Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº 9, pp. 14-29.

(2000): “Acerca de la funcionalidad de la zona occidental del barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº 10, pp.21-32.

(2001): “Las primeras escavaciones arqueológicas en el Castro de Viladonga”, *Croa: Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, nº 11, pp. 11-24.

LÓPEZ GARCÍA, J.C. (2009): “As fíbulas de longo travesaño: Unha revisión tipolóxica”, *Gallaecia*, nº28, pp. 93-111.

MEIJIDE CAMESELLE, G. (1988): “Las espadas del Bronce Final en la Península Ibérica”, Universidade de Santiago de Compostela.

PÉREZ ROZAS, A. (2017): “A produción téxtil na cultura castrexa: As fusaiolas do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, *Croa: Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 27, pp. 32-51.

PIAY AUGUSTO, D.; CANO PAN, J.A.; NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (2015): La construcción anular y el *enclos* de Ventosíños (Coeses, Lugo), *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología*, nº 76, pp. 57-76.

REY CASTIÑEIRA, J. (2019): “Cultura castrexa. Territorios, tempos y aculturaciones” en FERRER ALBELDA, E. (ed.), *La ruta de las Estrímidas. Navegación y conocimiento del litoral atlántico de Iberia en la Antigüedad*, pp. 423-497. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá, Alcalá de Henares.

REY CASTIÑEIRA, J. (1992): *Cerámica indígena de los castros costeros de Galicia occidental: Rías Bajas. Valoración dentro del contexto general de la cultura castreña*. Tesis en microficha número 185, Servicio de Publicacions e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.

TEIRA BRIÓN, A; AMADO, E. (2014): «Molinos fuera de lugar. Fronteras y contextos de la molienda en la arqueología de la Edad de Hierro del noroeste ibérico», *Revista d’arqueología de Ponent*, [en liña], nº 24, pp. 271-87. Consultado en liña 20/04/2021 : <https://raco.cat/index.php/RAP/article/view/288719>.

TEJERIZO-GARCÍA, C.; RODRÍGUEZ-GONZÁLEZ, C.; FERNÁNDEZ-PEREIRO, M. (2019): “¿Continuidad o discontinuidad en los castros del noroeste?: Una revisión de la secuencia del yacimiento de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, *SPAL: Revista de prehistoria y arqueología de la Universidad de Sevilla*, nº 28, 2, pp. 279-313.